



**CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN
“PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA”; PARA A COLABORACIÓN
NO DESENVOLVEMENTO DO FONDO DE “PROBA DE CONCEPTO”**

Santiago de Compostela, a 20 de abril de 2021

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Francisco José Conde López, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo DECRETO 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº181, do 6 de setembro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo DECRETO 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a configuración dos departamentos que integran a Xunta de Galicia; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, “GAIN”), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos.

Doutra parte, D. José María Arias Mosquera, en nome e representación da Fundación PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA, CONDE DE FENOSA, de nacionalidade española, con CIF n.º G15027972 e domicilio no Cantón Grande, n.º 9, A Coruña. A fundación constituíuse con data 5 de novembro de 1966 e encóntrase inscrita no Rexistro de Fundacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co número 164. Exerce a súa representación en virtude do seu cargo de presidente, no exercicio dos poderes que lle foron concedidos, por medio da escritura pública de data 11 de maio de 2010, outorgada ante o notario da Coruña, D. Francisco Manuel Ordóñez Armán, co n.º 1203 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, a tal efecto,



EXPOÑEN:

I. Que GAIN, é unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; adscrita á Vicepresidencia segunda y Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

De acordo cos seus estatutos, GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e o impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, e de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, GAIN poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios de colaboración.

II. Que a Fundación BARRIÉ, é unha fundación mixta, benéfica e docente, de carácter privado e natureza permanente, con personalidade xurídica propia e capacidade xurídica e de obrar; cuxo obxecto é a satisfacción gratuíta das necesidades intelectuais, morais ou físicas.

A Fundación foi creada o 5 de novembro de 1966, declarada de interese galego pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con data do 13 de xuño de 1986; e clasificada como benéfico - docente por Orde da devandita Consellería, con data do 17 de xullo de 1986.

Para o cumprimento dos seus fins, a Fundación BARRIÉ conta, entre outros procedementos, coa posibilidade de creación de becas, programas formativos ou programas de apoio financeiro a investigación, así como a de proporcionar calquera outra axuda, dentro do ámbito da competencia da dita Fundación.

III. A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, recolle no seu artigo segundo, entre os seus fins fundamentais, o favorecemento da mellora tecnolóxica, da produtividade e de resultados do sistema



produtivo de Galicia en todos os seus sectores, en base á innovación e á transferencia e valorización dos resultados de investigación; e o impulso ao cambio no modelo produtivo.

É precisamente en relación co anterior obxectivo, co que a dita Lei adica o capítulo V, relativo á transferencia e valorización de resultados, prevé a cooperación de todas as consellerías da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con competencias no eido da investigación e innovación, de cara a levar a cabo a valorización de resultados e o tratamento integral e coordinado.

Concretamente, o artigo 31 da devandita Lei recolle o mandato á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de dar apoio á valorización de resultados mediante o impulso dun fondo de proba de concepto.

O citado Fondo adicarase ao financiamento de proxectos que aborden probas ou actuacións posteriores á obtención do resultado de investigación que se pretende explotar; e poderá estar participado por axentes públicos e / ou privados, os cales adheriranse ao mesmo en función das súas achegas orzamentarias.

O Fondo destínase ao desenvolvemento das aplicacións comerciais, a través de estudos de mercado, validación técnica, análise de oportunidades comerciais e de negocio, ou formulación de propostas a empresas ou investidores que poidan contribuír ao avance na fase da comercialización.

IV. Con data do 7 de novembro de 2014, o Consello da Xunta de Galicia adoita o acordo mediante o cal se aproba o Plan de Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, “RIS3 de Galicia”, para o período 2014-2020. Entre os seus programas de actuación, a RIS3 Galicia inclúe o programa Galicia Transfiere que aglutina os instrumentos dirixidos a fomentar a transferencia de tecnoloxía desde os axentes de xeración e difusión do coñecemento cara o mercado, co fin de traducir o investimento realizado en retornos económicos e sociais..

O devandito Plan recolle, enmarcado no programa cadro Galicia transfiere, a proba concepto, como un dos instrumentos de apoio que se prevén para a implementación da Estratexia RIS3 de Galicia.



V. A Fundación BARRIÉ ten experiencia no impulso de programas de entrenamento no eido da transferencia de tecnoloxía e conta cunha área de investigación que impulsa programas propios co fin de apoiar a transferencia o mercado dos resultados de investigación, especialmente os desenvolvidos por universidades, hospitais e centros de investigación galegos. Instrumentos financeiros innovadores como o Programa Diana ou o Fondo de Ciencia, programas de formación como o Technology Transfer Training Program, ou o impulso de redes internacionais de contacto entre a comunidade investigadora e o tecido empresarial como o Technology Transfer Summit, a elaboración do Informe sobre a ciencia en Galicia representan bos exemplos da acción da Fundación BARRIÉ en favor da posta en valor da investigación galega.

O devandito Fondo de Ciencia é un fondo proba de concepto que, prevé a realización das necesarias probas de validación científica-tecnolóxica, encadradas na fase de transferencia das invencións ao mercado, ben sexa a través de acordos de licenza de explotación, ben sexa a través da promoción de proxectos empresariais para desenvolver o negocio asociado á comercialización dos resultados de investigación.

A Fundación BARRIÉ ten documentado todo o proceso de xestión do seu Fondo de Ciencia, así como desenvolvidos os diversos soportes documentais e xurídicos necesarios para a operativa corrente dun fondo proba de concepto.

VI. En virtude do anterior, con data 29 de xaneiro de 2016, asinouse o primeiro convenio de colaboración entre GAIN e a Fundación BARRIÉ, co obxecto de, a partir da experiencia do Fondo de Ciencia da Fundación BARRIÉ, promover a creación do Fondo autonómico de “proba de concepto”, que apoiase a valorización de resultados, e que a tal efecto estaba previsto no artigo 31 da Lei galega 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e innovación.

En virtude do dito convenio de colaboración, GAIN puido publicar, mediante Resolución de 12 de agosto de 2016, a primeira convocatoria do que recibiu a denominación de programa IGNICIA Proba de Concepto (en diante, programa IGNICIA), sentando as bases dun programa autonómico de valorización e transferencia dos resultados da investigación dos centros de coñecemento en Galicia.

No desenvolvemento da dita convocatoria, a Fundación BARRIÉ transferiu a súa metodoloxía e continuou coa axuda a GAIN e o entrenamento do seu persoal para a



adquisición das competencias necesarias para a xestión do programa IGNICIA segundo o modelo do Fondo de Ciencia.

Co obxectivo de prolongar as iniciativas do Programa IGNICIA ata 2020, mediante Resolución de 9 de maio de 2018 publicouse no DOG a segunda convocatoria do Programa e con data 8 de xuño de 2018 asinouse un segundo convenio coa Fundación BARRIÉ para o desenvolvemento desta segunda convocatoria.

Na terceira convocatoria, ambas as dúas partes seguirán colaborando mediante o desenvolvemento de accións formativas e a realización conxunta de actividades propias da xestión do programa IGNICIA, co obxectivo de continuar coa transferencia do coñecemento e experiencia acadados co Fondo de Ciencia da Fundación BARRIÉ a GAIN, así como a mellora continua e o perfeccionamento do programa IGNICIA.

VII. GAIN considera de interese público o aproveitamento dos coñecementos e experiencia da Fundación BARRIÉ, de xeito que a unión das sinerxías de ambas as dúas partes permita acadar os obxectivos relativos ao desenvolvemento do Fondo “IGNICIA proba de concepto”, non só de maneira eficaz, senón tamén de forma eficiente, de xeito tal que a dita colaboración optimice o uso dos recursos públicos e redunde no logro dos obxectivos previstos na dita Lei cun maior grao de especialización. Este Fondo alíñase, tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como coas prioridades da RIS3.

Segundo antecede, resulta de interese para ambas as dúas partes a colaboración no desenvolvemento e perfeccionamento do programa IGNICIA e a mellora da función de transferencia do sistema de I+D+i galego, mediante a actualización da metodoloxía de traballo e posterior transferencia ao persoal de GAIN, a realización de actuacións conxuntas que permitan avaliar a sustentabilidade futura deste novo instrumento de apoio á investigación.

Deste xeito se estarán incrementando as oportunidades de dinamización dos resultados de investigación e potenciando as posibilidades de retorno dos investimentos financeiros de apoio; o cal á súa vez supón a mobilización dunha maior cantidade de recursos públicos e privados; polo que, a tal efecto, subscriben o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio.

O presente Convenio ten por obxecto sentar as bases da colaboración entre as partes para, a partir da experiencia do Fondo de Ciencia da Fundación BARRIÉ, desenvolver a terceira convocatoria do Programa IGNICIA, que apoiará a valorización de resultados, e que a tal efecto está previsto no artigo 31 da Lei galega 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e innovación, destinado ao desenvolvemento das aplicacións comerciais da investigación financiada con fondos públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades instrumentais do sector público

Ambas as dúas partes colaborarán mediante o desenvolvemento de accións formativas e a realización conxunta de actividades propias da xestión do programa IGNICIA, co obxectivo de continuar coa transferencia do coñecemento e experiencia acadados co Fondo de Ciencia da Fundación BARRIÉ a GAIN, así como a mellora e o perfeccionamento do programa IGNICIA.

Segunda.- Obxectivos.

O programa IGNICIA está dirixido aos proxectos que abordan probas ou actuacións, posteriores á obtención dos resultados de investigación que se pretenden explotar; que permiten validar unha tecnoloxía en condicións reais ou cuasi reais.

Os proxectos financiados deberán ter a capacidade de xerar resultados con aplicación na sociedade; estes resultados deberán ter potencial comercial e xerar retornos, independentemente do prazo no que estes se produzan.

Os devanditos proxectos serán promovidos por equipos de investigación de recoñecida solvencia científica.

Os proxectos presentados poderán incluír tarefas que contribúan a aumentar o valor dos resultados obtidos e das súas posibilidades de transferencia.

Os obxectivos perseguidos son os seguintes:



- Facilitar a transferencia de resultados de investigación dende organismos públicos de investigación e, no seu caso, entidades privadas sen ánimo de lucro, ao mercado.
- Acelerar e aumentar os éxitos nos procesos de transferencia tecnolóxica.
- Contribuír á rendabilización económica e social do investimento público en investigación.
- Internacionalizar a función de transferencia na tecnoloxía.
- Realizar unha detección temperá dos proxectos con potencial innovador e de mercado.

Terceira.- Actividades a desenvolver por GAIN.

A participación de GAIN consistirá nas seguintes actividades:

- Publicación dos anuncios de convocatoria do programa IGNICIA, comunicación e difusión. Os ditos anuncios contemplarán un proceso que se desenvolverá en réxime de concorrencia competitiva, garantindo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Participación activa nos procesos, tanto de selección, como de seguimento e de avaliación de resultados dos proxectos. No que se refire á selección procederá, xunto co apoio da Fundación BARRIÉ, a unha avaliación preliminar dos proxectos que se presenten, pasando posteriormente a unha avaliación exhaustiva ou estudo en detalle e con maior profundidade daqueles proxectos que resultasen avaliados satisfactoriamente na avaliación preliminar.
- Participación no Comité de Investimentos, formando parte da composición do mesmo e contando con funcións decisorias; así mesmo corresponderá a GAIN a aprobación e outorgamento, de ser o caso, do financiamento que corresponda con cargo ao programa.
- Impulso da participación doutras fontes de financiamento. A efectiva achega por parte doutras fontes, en ningún caso se considerará requisito necesario para a achega ou aportación por parte de GAIN.



- Achegará o financiamento, nos termos e condicións establecidos nos correspondentes anuncios e resolucións de outorgamento, nos termos recollidos na cláusula sexta.

Cuarta.- Actividades a desenvolver pola Fundación BARRIÉ:

A participación da Fundación BARRIÉ circunscríbese á transferencia da metodoloxía do Fondo de Ciencia a través da colaboración, no relativo á terceira convocatoria do programa IGNICIA, co persoal de GAIN na avaliación técnica e económica e posterior seguimento dos proxectos. Ademais, continuará co entrenamento do persoal de GAIN no proceso de xestión das diferentes fases dun fondo de proba de concepto e nas diferentes casuísticas en relación aos procesos de creación de spin-offs e acordos de licenza de tecnoloxías, así como coa organización de actividades de difusión e formación no eido da transferencia de resultados para o Sistema Galego de I+D+i.

Polo tanto, a colaboración da Fundación non implicará participación como xestor do programa nin achega orzamentaria ao propio fondo, sen prexuízo de que a Fundación poida decidir, se o estima pertinente, o cofinanciamento dalgún dos proxectos.

En concreto, as actividades a desenvolver pola Fundación serán:

- Organización das actividades de formación no eido da transferencia de resultados. A dita formación deberá ser impartida, tanto aos técnicos designados por GAIN, como aos do Sistema Galego de I+D+i.
- Acompañamento ao equipo de GAIN na xestión do programa IGNICIA entrenando e mellorando a súas competencias ao respecto.
- Colaboración na promoción, divulgación e dinamización do programa IGNICIA.
- Colaboración na análise e validación científico - tecnolóxica e comercial dos proxectos e seguimento dos mesmos, mediante a asignación dun equipo de expertos propios ou contratados externamente.
- Participación no Comité de Investimentos.



Quinta.- Proceso de avaliación dentro do programa IGNICIA

Ambas as dúas partes comprométense a que os proxectos presentados ao programa IGNICIA sexan avaliados de forma obxectiva e por persoal coa suficiente cualificación e formación ao respecto, prevíndose a posibilidade de participación de persoal experto propio ou contratado externamente. A estes efectos, entenderase por persoal, tanto o pertencente a BARRIÉ, como a GAIN, así como o persoal especializado subcontratado externo a calquera das dúas institucións.

A Fundación BARRIÉ, coa a participación do equipo de GAIN, realizará o estudo e avaliación dos diferentes proxectos presentados.

A avaliación dos proxectos estrutúrase en dúas fases sucesivas, tendo a primeira das mesmas carácter excluínte, de xeito tal que o paso á segunda fase da avaliación, requirirá a superación satisfactoria da primeira.

Ao remate de cada unha das fases anteriormente indicadas, emitirase un informe respecto de cada proxecto presentado, no que se recollerá un resumo de todos os aspectos avaliados e as conclusións obtidas tras o dito proceso de avaliación.

Para a selección de proxectos crearase, na correspondente convocatoria, un Comité de Investimentos. O devandito Comité estará integrado por tres representantes designados por parte de GAIN e por un mínimo dun e un máximo de tres persoas representantes designadas por parte da Fundación Barrié. A participación no dito Comité da citada Fundación terá carácter de asesoramento técnico.

Sexta.- Financiamento.

GAIN compensará á Fundación BARRIÉ polos custos nos que esta incorrera con ocasión da realización das actividades e tarefas especificadas na cláusula cuarta, en relación á transferencia de metodoloxía, formación do persoal e apoio na avaliación e seguimento dos proxectos.

Os gastos a compensar por GAIN serán os xerados con posterioridade á data de sinatura do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, e segundo as anualidades e importes máximos seguintes:



Aplicación orxamentaria.	Anualidade.		
	2021	2022	2023
06.A2.561A.640.0	213.000 €	110.100€	76.900 €
Total	400.000 €		

Nos importes indicados, entenderase incluído o IVE.

Para que se abonen os devanditos importes, a Fundación BARRIÉ presentará, nos termos e condicións recollidos a tal efecto no anexo do presente convenio, en cada unha das anualidades previstas, facturas trimestrais, sendo necesario que a presentación da factura, e restante documentación que a acompañe, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Con relación á facturación do último trimestre de cada unha das anualidades, a factura e restante documentación deberán ser presentadas, como máximo, o 20 de decembro.

Nas anualidades 2022 e 2023 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 21 de decembro da anualidade inmediatamente anterior.

O citado abono terá lugar tras a validación, por parte de GAIN, das facturas e demais documentación presentada.

No caso de resolución do convenio por algunha das causas previstas nas letras a) a d) da cláusula décima deste convenio, procederase á liquidación dos custos nos que incorrera a Fundación Barrié.

Para o aboamento destes importes de financiamento a Fundación BARRIÉ presentará unha factura adicional correspondente á execución final con posterioridade ao último trimestre facturado.

Esta factura deberá acompañarse da correspondente documentación relativa á execución da actividade.

O seu aboamento terá lugar logo da validación por parte de GAIN, tanto da factura presentada como da restante documentación.

En ningún caso a participación da Fundación será retribuída, sen prexuízo do indicado en canto á compensación dos custes nos que poida incorrer.



Por outra banda, a Fundación BARRIÉ a maiores, no marco deste convenio, organizará eventos e accións formativas por un importe máximo de hasta 40.000 € (20.000 € en 2022 e 20.000€ en 2023).

Sétima.- Incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos polas partes.

No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a outra parte poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos.

Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Oitava.- Vixencia.

O presente convenio perfecciónase polo consentimento das partes, o cal se entenderá prestado coa sinatura do mesmo na data indicada, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2023.

Novena.- Comisión de seguimento do convenio.

Para o seguimento e control das accións recollidas no presente convenio, crearase una Comisión de Seguimento de composición paritaria, integrada, por membros de GAIN (actuando un deles en condición de presidente) e por membros da Fundación BARRIÉ:

A dita Comisión será a encargada de:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio.
- Propor solucións aos conflitos que puidieran xurdir da aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.



- Todas aquelas actuacións precisas para o correcto seguimento do presente convenio.

En canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos; a citada Comisión rexeráse pola normativa vixente en materia de órganos colexiados, regulados na sección terceira do capítulo primeiro, do título primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Causas de resolución.

O presente Convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado. Así mesmo poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes, previa comunicación á outra con UN (1) MES de antelación, cando concorra algunha das seguintes causas:

- a. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- b. Acordo expreso de ambas as dúas partes.
- c. Causas excepcionais que obriguén a modificar substancialmente o seu obxecto.
- d. Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.

En caso de resolución do Convenio por calquera das causas previstas nas letras a) a d) da presente cláusula, procederase á liquidación dos custos nos que incorrera a Fundación Barrié nos mesmos termos descritos na Cláusula Sexta do presente Convenio relativa ao Financiamento.

Para o aboamento destes importes de financiamento a Fundación BARRIÉ presentará, á finalización do correspondente trimestre, a factura e restante documentación que acompañe, correspondente ao último período comprendido entre a última factura trimestral presentada a GAIN e a data de terminación do Convenio. O citado aboamento terá lugar despois da validación, por parte de GAIN das facturas e a demais documentación.



Décimo primeira.-Desenvolvemento e modificación.

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento e modificación través das correspondentes addendas ao mesmo.

Ao abeiro do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo segunda.- Propiedade intelectual e comunicación.

A Fundación Barrié cedeu a GAIN a documentación correspondente á metodoloxía do seu Fondo de Ciencia, propiedade da Fundación Barrié, polo prazo máximo de duración do presente convenio, para todas as actuacións que resulten precisas levar a cabo na execución do mesmo (explotación, reprodución, distribución, comunicación pública, etc.).

Así mesmo poderá ser destinataria da cesión a Xunta de Galicia a través de calquera outro departamento, sempre coa finalidade de actuacións similares ao obxecto do referido convenio. Non se permitirá ningún outro uso ou explotación que non estea relacionada coa convocatoria levada a cabo por este convenio.

A Fundación Barrié e GAIN, ou calquera outro departamento da Xunta de Galicia xestionarán de mutuo acordo a comunicación pública e difusión das iniciativas desenvolvidas no marco deste convenio e se comprometen a citar de forma expresa que o Fondo "Proba de Concepto" baséase na Metodoloxía do Fondo de Ciencia da Fundación Barrié.

Así mesmo, todos os soportes de información ou difusión teñen que incluír, nun lugar visible, o logotipo da Fundación Barrié e a lenda: "O Fondo de "proba de concepto" baséase na Metodoloxía do Fondo de Ciencia da Fundación Barrié".



Décimo terceira.- Inexistencia de relación laboral.

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Deber de segredo e confidencialidade.

As partes asinantes comprométense a non utilizar nin revelar, mantendo en segredo, todos os datos que puideran obter en virtude da execución do presente Convenio e, en particular, toda a información á que teñan acceso en relación cos proxectos participantes no Fondo de “proba de concepto”, facéndose extensiva esta obriga a todas as entidades ou empresas públicas que interveñan en nome das partes.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de firma deste documento.

Tal e como se informará nos respectivos anuncios, os datos de carácter persoal facilitados polos participantes incorporaranse ao correspondente ficheiro de titularidade e responsabilidade de GAIN, o cal levará a cabo un tratamento dos devanditos datos a fin, exclusivamente, de avaliar e valorar os proxectos presentados.

As partes cédense mutuamente a información, coa condición de facer un uso responsable de acordo ás finalidades das diferentes entidades asinantes, e por iso conveñen:

- a) As partes acordan manter absoluta confidencialidade, tal e como o establecen os termos desta cláusula, sobre as discusións mantidas e a información intercambiada, xa sexa oralmente ou por calquera outro medio, en relación co obxecto deste convenio (“Información confidencial”). Esta obriga de confidencialidade non será executable entre as dúas partes cando as mesmas acorden algo en contrario por escrito, ou cando a revelación da devandita información ou conversación sexa requirida por Lei.
- b) Cada parte que reciba “información confidencial” (“Parte receptora”) da outra parte (“Parte reveladora”) recoñece a súa natureza confidencial e a exclusiva propiedade



da “Parte reveladora” sobre a “Información confidencial” recibida en calquera momento, e se compromete a manter a confidencialidade deste acordo baixo a presente Sección, así como a non levar a cabo, ou a deixar de levar a cabo, calquera acción contida na presente Sección.

- c) Cada Parte receptora acorda que a Información confidencial será utilizada exclusivamente para os obxectivos do presente convenio e manterán a dita información confidencial.
- d) Cada Parte receptora poderá revelar información confidencial na medida do necesario e en conexión co obxecto deste convenio, informando da natureza confidencial da información.
- e) Á petición da Parte reveladora, a Parte receptora devolverá ou destruirá de inmediato toda a información confidencial tanxible sen que a Parte receptora reteña ningunha copia, extractos ou calquera outra reprodución total ou parcial dese material tanxible.
- f) No caso de que a Parte receptora ou calquera outra persoa á que se dera Información confidencial recibira a petición de revelar calquera ou toda a información, baixo unha citación, decreto, obriga civil ou proceso similar emitido por un tribunal competente ou órgano administrativo, a Parte receptora comprométese a (I) notificar inmediatamente á Parte reveladora da existencia, termos e natureza da petición, (II) a consultar á parte reveladora a conveniencia de utilizar as accións legais dispoñibles para opoñerse ou limitar a dita petición e (III) se fose necesario, revelar información que, tras unha recomendación escrita dos conselleiros da Parte receptora, fose legalmente necesaria ou conveniente baixo as circunstancias dese momento.
- g) As obrigas desta sección non supoñen ningunha restrición ás Partes de cara a poder cumprir cas obrigas legais ou mandatos de calquera tribunal ou entidade governamental.
- h) Cada Parte deberá obter o consentimento da outra Parte antes de calquera publicación, presentación, anuncio público ou comunicado de prensa concernente á súa relación.



- i) Non se inclúe no concepto de confidencialidade a información que fose de dominio público con anterioridade ao momento da celebración do presente convenio, ou que pase a selo con posterioridade ao mesmo, nin aquela que fora obxecto de autorización previa e expresa por escrito entre as partes.

Décimo quinta.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

De acordo co artigo 6.2 da *Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014*, o presente Convenio está excluído do ámbito de aplicación da citada normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio, sometendoas á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Galega de Innovación,

Pola Fundación PEDRO BARRIÉ DE LA
MAZA, CONDE DE FENOSA,

Francisco José Conde López

José María Arias Mosquera



ANEXO:

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DA FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA
MAZA, CONDE DE FENOSA.**

A Fundación BARRIÉ deberá presentar, para o pago das cantidades previstas na cláusula sexta, relativas aos custos derivados da súa participación no Fondo de “proba de concepto”, a seguinte documentación:

- NIF da entidade.
- Certificado bancario de titularidade.
- Factura (ou facturas), por cada período, acompañadas dunha memoria na que se recolla unha descrición sobre o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, os distintos conceptos de gasto e os diferentes importes.

A facturación realizarase de maneira trimestral dende o comezo da execución deste convenio, sendo necesario que a presentación da factura, e restante documentación que a acompañe, teña lugar dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

Con relación á facturación do último trimestre de cada unha das anualidades, a factura e restante documentación deberán ser presentadas, como máximo, o 20 de decembro.

Nas anualidades 2022 e 2023 poderán incluírse os gastos soportados e pagados dende o 21 de decembro da anualidade inmediatamente anterior